


PROGRAMA  
DO DÍA  
DAS LETRAS  
GALEGAS

BETANZOS  
2021



\*ANA MARÍA FRAGA RODRÍGUEZ (CENTRO PAI MENNI)

Organiza e patrocina:



Patrocinan:




Colaboran:

CEIP Francisco Vales Villamarín, Centro Pai Menni, CPR Nosa Señora do Carme "Atocha", IES As Mariñas, IES Francisco Aguiar, Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia



As actividades seguintes son as programadas, aínda que pode haber modificacións de última hora. Así mesmo, esta programación poderá variar en función do desenvolvemento da situación actual de pandemia da covid-19 e das indicacións das autoridades sanitarias en cada momento.

# PROGRAMA DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS



## Exposicións

do 10 ao 23 mai.

Exposición dos debuxos participantes no XI Concurso de carteis das Letras Galega

dentro do Programa das Letras Galegas

Organiza

Concello de Betanzos

Lugar

Sala de Exposicións Jesús Núñez Edificio Arquivo

Horario

de 10:00 h a 14:00 h e

de 19:00 h a 22:00 h

días laborables

de 11:30 h a 14:00 h e

de 19:00 h a 22:00 h os sábados



do 10 ao 23 mai.

Exposición Xela Arias e as palabras e Abecedaríome

dentro do Programa das Letras Galegas

da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

dentro do Programa das Letras Galegas

Organiza

Concello de Betanzos

Lugar

Sala de Exposicións Jesús Núñez Edificio Arquivo

Horario

de 10:00 h a 14:00 h e

de 19:00 h a 22:00 h

días laborables

de 11:30 h a 14:00 h e

de 19:00 h a 22:00 h os sábados

ata o 14 mai.

Aberto o prazo do X Concurso de creación literaria das Letras Galegas

dentro do Programa das Letras Galegas

dentro do Programa das Letras Galegas

Organiza

Concello de Betanzos

Entrega de traballos

Biblioteca Municipal Castela, Casa do Concello, Secretarías do IES Francisco Aguiar, IES As Mariñas e do CPR Nosa Señora do Carme "Atocha"

Máis información

981 770 100

normalizacion@betanzos.net

7 mai.

Recital poético e conversa arredor do libro Xela Arias, palabra á intemperie

por conta das autoras Enma Pedreira e Laura Romero

dentro do Programa das Letras Galegas

Organiza

Concello de Betanzos


Lugar

Sala Azul

Edificio Arquivo

Horario

20:00 h



11, 12 e 13 mai.

Obradoiro A rebotica dos contos

dentro do Programa das Letras Galegas

Organiza

Concello de Betanzos

Lugar

en horario lectivo

12 mai.

Contacontos ilustrado Xela Arias. Liberdade, solidariedade e amor pola lingua

por Polo correo do vento

dentro do Programa das Letras Galegas

Lugar

IES Francisco Aguiar e CPR Nosa Sra. do Carme "Atocha"

Organiza

Concello de Betanzos



12 mai.

Obradoiro de poesía e escrita creativa

dentro do Programa das Letras Galegas

dentro do Programa das Letras Galegas

Organiza

Concello de Betanzos

13 mai.

Espectáculo De ti e mailo mundo que apañes

dentro do Programa das Letras Galegas

Organiza

Concello de Betanzos

Lugar

Gratuita ata completar aforo



13 mai.

Obradoiro A rebotica dos contos

dentro do Programa das Letras Galegas

Organiza

Concello de Betanzos

14 mai.

Acto de entrega dos premios do XI Concurso de carteis das Letras Galegas

dentro do Programa das Letras Galegas

Organiza

Concello de Betanzos

Lugar

Sala Azul. Edificio Arquivo

Horario

19:30 h



dentro do Programa das Letras Galegas

14 mai.

Eroski Paraíso (Jorge Catoira, 2019)

para público adulto



28 mai.


Nación (Margarita Ledo, 2020)

para público adulto





# PROGRAMA DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS



15 mai.

Espectáculo de bibliodisoteca e sesión de música infantil  
**Picadiscos Marifaltri**

dentro do Programa das Letras Galegas  
para nenos e nenas de 3 a 7 anos e as familias, dentro do programa dinamización lingüística para público infantil  
**Sábados miúdos 2021**  
Organiza  
Concello de Betanzos  
Lugar  
Sala de Usos Múltiples do edificio Arquivo  
Hora  
12:00 h  
+ info/inscrición  
É necesario inscribirse previamente.  
Do 10 ao 13 de maio  
en [www.betanzos.gal](http://www.betanzos.gal)



28 mai.

Obradoiro de apoderamento lingüístico e ferramentas para a activación de falantes

por conta do Rexenerando Sociedade Cooperativa Galega  
para o alumnado de secundaria do IES As Mariñas  
dentro do Programa das Letras Galegas  
Organiza  
Concello de Betanzos

28 mai.

Acto de entrega dos premios do X Concurso de creación literaria

dentro do Programa das Letras Galegas  
Organiza  
Concello de Betanzos  
Lugar  
Sala Azul  
Edificio Arquivo  
Hora  
19:30 h

29 mai.

Representación teatral da obra **O Premio**

interpretada pola compañía **La Quintana**  
dentro do Programa das Letras Galegas  
Organiza  
Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC  
Lugar  
Aula de Cultura Xulio Cuns  
Edificio Arquivo  
Hora  
20:00 h



30 mai.

Concerto da Banda Municipal de Música

dentro do Programa das Letras Galegas  
Organiza  
Concello de Betanzos  
Lugar  
Cantón Claudino Pita  
Hora  
19:30 h

## Xela Arias Castaño

(Lugo, 4 de marzo de 1962 – Vigo, 2 de novembro de 2003)

Xela Arias Castaño veu ao mundo no ano 1962 en Lugo, aínda que pasou a maior parte da súa vida en Vigo, cidade en que realizou os estudos de Filoloxía Hispánica e onde morreu o 2 de novembro de 2003. Os seus primeiros anos transcorren na contorna da Granxa de Barreiros, un dos proxectos pedagóxicos de Antonio Fernández López que buscaba integrar a natureza e a cultura galegas na aprendizaxe, na aldea de Ortoá.

Vinculada á editorial Xerais desde a súa fundación en 1979, estreouse no mundo literario con *Denuncia do equilibrio* (1986), poemario innovador co que foi finalista do Premio Losada Diéguez. Rupturista, transgresora, valente, ousada, son algúns dos adxectivos utilizados para definir a personalidade creativa desta autora que sorprendeu no ano 1990 cun segundo libro *Tigres como cabalos* no que os poemas dialogan coas imaxes fotográficas de Xulio Gil.

Sen abandonar as anteriores ocupacións, en 1991 retomou os estudos para cursar Filoloxía Hispánica na Universidade de Vigo e, posteriormente, Galego-Portugués e desde 1999, exerceu a docencia en distintos institutos de xeografía galega. Foron anos de intensa actividade cultural e implicación cívica, nos que participou nas mobilizacións contra a Guerra de Iraq e a catástrofe do Prestige, na Festa da Muller ou nas Noites Solidarias de Implicadas no Desenvolvemento.

Escritora demorada e reflexiva, a súa obra incide na vocación transgresora e transformadora da palabra poética. No ano 1994 nace o seu único fillo Darío, esta experiencia é a xénese do libro de poemas *Darío a diario* (1996) que ofrece novas lecturas sobre a maternidade. Tardaría sete anos en publicar o que será o seu derradeiro libro de poemas, o rotundo *Intempériome* (2003).

A súa obra poética tamén se deu a coñecer en libros colectivos como *Palabra de muller* (1992) ou *Daquelas que cantan. Rosalía na palabra de once escritoras galegas* (1997). Escribiu varios relatos, algúns deles incluídos na obra *Contos eróticos/elas* (1990). Foi finalista do Premio Esquíu de Poesía (1986) con *Lili sen pistolas*, obra que aínda permanece inédita.

Alén da súa tarefa poética, Xela Arias dedicouse á tradución para a nosa lingua de diversos autores como Jorge Amado, Camilo Castelo Branco, James Joyce, Angela Cárter ou Baudelaire, labor polo que recibe diversos recoñecementos, a Medalla do Premio de Tradución Sociedade de Língua Portuguesa, o Premio Ramón Cabanillas de Tradución ou o Premio Plácido Castro, póstumo.

Xela Arias anticipou nos anos oitenta moitos temas e características formais da lírica galega da década seguinte. Atreveuse a explorar o diálogo entre a poesía e a fotografía ou a música e procurou novos espazos para ela en recitais, festivais e outras intervencións. A súa é unha poesía urbana, que rompe formalmente co código poético, cunha dimensión social e precursora da escritura de xénero.

"ESCRIBIR PODE SER POR SI UN  
ACTO REVOLUCIONARIO, PERO  
FACELO EN GALEGO SI É UNHA  
REVOLUCIÓN SEMPRE"

Xela Arias\_Letras Galegas 2021